



D. ANTONIO LORENZO MORANDEIRA, LCDO. EN DEREITO E SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE BEGONTE (LUGO):

CERTIFICO : QUE, que pola Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2015, adoptouse entre outros o seguinte acordo :

5º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “ MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO CONCELLO DE BEGONTE - LUGO) ”.

Dada conta seguidamente do expediente incoado para proceder á contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade , das obras de “ MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO CONCELO DE BEGONTE - LUGO ”, cun orzamento total de execución por contrata de Cento vinte mil novecentos sesenta e seis con corenta e tres (120.966,43) euros, desglosados en 99.972,26 € de principal e 20.994,17 € de IVE, con arreglo ao Proxecto redactado ao respecto pola Arquitecta Dna. M^a Soledad Dorado Fernández.

Vistas, as ofertas e a demais documentación presentadas ao respecto polas distintas empresas invitadas no seu día para a prestación do devandito contrato , a fase de negociación realizada , así como a correspondente valoración das mesmas que se recolle no expediente.

Visto, a presentación - pola empresa que realizou a oferta mais vantaxosa - da documentación requirida e referida á acreditación da personalidade xurídica e – no seu caso- da representación, da xustificación dos requisitos de solvencia, da constitución da fianza definitiva e da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

Visto, canto se establece polo artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local – por unanimidade – acorda :

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa OGASAVIALES DE LUGO, S. L. , con CIF nº B-27291038 o contrato de obras seguinte : “ MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO CONCELLO DE BEGONTE-LUGO “ de acordo coa oferta presentada e o establecido nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexen a contratación das devanditas obras.

SEGUNDO.- Fixar como prezo do contrato o importe total de Cento vinte mil novecentos sesenta e seis con corenta e tres euros (120. 966,43 €) , desglosados en 99. 972,26 € de principal + 20.994,17 € de Ive, e unhas melloras en aumento de obras por importe de Catro mil catrocentos euros (4.400,00 €), sen Ive.

Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación 454.6195 do Orzamento municipal vixente.

TERCEIRO.- O pago do prezo do contrato realizarase logo da expedición polo director da oportuna certificación de obra executada e da factura presentada polo contratista , aprobadas polo órgano competente.

CUARTO.- Notificar a presente adxudicación do contrato aos candidatos ou licitadores e simultáneamente publicarse no Perfil do Contratante.

QUINTO.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a formalización do correspondente contrato administrativo e de cantos outros documentos fosen necesarios para a execución do acordado.

E para que conste, aos efectos de unir ao expediente de razón, de orde e co vº e prace do sr. Alcalde-Presidente e coa salvedade do disposto no art. 206 do ROF, expídese a presente en Begonte a vinte e seis de febreiro de dous mil quince.


Vº e Prace.
O ALCALDE.


O SECRETARIO-INTERVENTOR.

